



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

TOURO

Declaración de persoal laboral fixo na praza de encargada punto de atención á infancia (PAI)

EXPEDIENTE 2022/E001/000014: PROCESO DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL DO CONCELLO DE TOURO. DECLARACIÓN DE PERSOAL LABORAL FIXO NA PRAZA DE ENCARGADA PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA (PAI).

ANUNCIO

Por Resolución de Alcaldía núm. 354/2023 de data 20 de decembro de 2023 resolveuse

PRIMEIRO. De conformidade co establecido no artigo 19 das Bases que rexen a convocatoria (BOP núm. 247 de 30.12.2022), vista a proposta do Tribunal, e visto que a persoa aspirante posúe os requisitos esixidos nas Bases, acórdase declarar persoal laboral fixo do Concello de Touro na praza e características que seguidamente se relacionan á seguinte persoa por aprobar o proceso selectivo convocado:

Apelidos e nome	N.I.F.	Código RPT	Denominación da praza	Grupo	Tipo de adscrición
Eva María Varela Ares	***2030**	04.01.00.01	Encargado/a PAI	III	Definitiva

SEGUNDO. De acordo coas Bases, a formalización do contrato no caso do persoal laboral fixo efectuarase dentro do prazo máximo dun mes a partir da notificación da Resolución da contratación.

TERCEIRO. De conformidade coa Base Décimo Novena das Bases que rexe o proceso selectivo, publicar a presente resolución no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios da sede electrónica e na páxina web Municipal do Concello de Touro.

CUARTO. Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, os interesados poderán interpor recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, perante a xurisdición Contencioso-Administrativa segundo o disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición Contencioso-Administrativa ou, con carácter previo e potestativo, recurso de reposición perante o alcalde presidente do Concello de Ames no prazo dun mes, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Touro 20 de decembro de 2023.

O Alcalde

Roberto Castro Rocamonde

2023/10063